

COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS E DE FACENDA E ECONOMÍA

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ó día **16 de xaneiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Rosendo Luís Fernández Fernández	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 16 de xaneiro de 2019 , ás 17.30 horas, baixo a presidencia de don Rosendo Luís Fernández Fernández, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Jorge Pumar Tesouro	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. Pablo Pérez Pérez	
D. ^a Consuelo Vispo Seara	
D. José Antonio Feijóo Alonso	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Isabel Gil Álvarez	
D. Vicente Gómez García	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Francisco Cacharro Gosende	
INTERVENTORA ACCTAL:	
D. ^a Begoña Álvarez Matos	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2018

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2018, non se formulan observacións, quedando aprobada por unanimidade.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO CAMBIO DE REPRESENTACIÓN DO GRUPO SOCIALISTA NA COMISIÓN.

O presidente da comisión dá conta do cambio de representación do Grupo Socialista na comisión, consistente na substitución de don Francisco José Fraga Civeira por don José Ignacio Gómez Pérez. Seguidamente dá conta dun escrito que lle foi remitido polo anterior presidente da comisión, ao que dá lectura e cuxo contido é o seguinte: *“Estimados compoñentes da comisión Especial de Contas e de Facenda e Economía. Diríxome a vostedes a través deste formato, xa en desuso nos novos tempos, porque por causas alleas e contrarias á miña vontade non me foi posible despedirme en persoa e deixarlles constancia do meu agradecemento polo seu labor, comportamento e comprensión ao longo destes tres anos e medio nos que tiveron a honra de presidir esta comisión. Foi unha experiencia nova para min que procurei desempeñar seguinte o meu saber e entender con lealdade a esta institución e aos intereses desta provincia. Xunto co meu agradecemento quero pedirlles desculpas polos erros e faltas cometidas, que seguro foron máis dos agardados e contados pola miña parte. Agradecementos e petición de desculpas que quero facer extensibles ao persoal desta casa que co seu traballo fixo que as reunións da comisión se desenvolvesen con absoluta normalidade. Só me resta dicirlles que quedo ao seu dispor no que lles sexa de utilidade para transitar nos camiños da vida nos que agardo que nos sigamos atopando. Despídome cun afectuoso saúdo”.*

Os membros da comisión quedan informados.

3º.- PROPOSTA DE DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN NO DEPUTADO DELEGADO DE FACENDA.-

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión adopta o seguinte acordo:

Elevarlle proposta á Presidencia para a delegación do exercicio das competencias de presidencia da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía a favor do deputado – delegado de Facenda, don Rosendo Luís Fernández Fernández.

4º.- MODIFICACIÓN DA BASE 69ª DAS DE EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS EN MATERIA DE INDEMNIZACIÓNS AO PERSOAL POR RAZÓNS DO SERVIZO.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da base 69ª das de execución dos orzamentos provinciais, no seguinte sentido:

a) Modifícase o parágrafo 1º da dita base, que queda redactado do seguinte xeito:
Con efectos de 1 de xaneiro de 2019, as indemnizacións por razón de servizo por gastos de aloxamento e manutención dos empregados públicos provinciais terán as seguintes contías, aplicables sen distinción a todos os empregados públicos provinciais:

Por aloxamento: 102,56 €

Por manutención: 53,34 €

Axuda de custo enteira: 155,90 €

No suposto de desprazamentos ao estranxeiro, aplicaranse as contías establecidas para funcionarios do subgrupo A1 da Administración Xeral do Estado.

En ningún caso se aboarán custos superiores ás contías establecidas nesta base.

b) Suprímese o parágrafo 4º da base 69ª.

2º) Someter a información pública, por prazo de quince días hábiles, mediante anuncio inserido no BOP, o presente acordo, para a formulación de alegacións polos interesados. No caso de presentarse alegacións en prazo, serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non presentarse, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado, procedéndose á súa publicación no BOP para a súa entrada en vigor.

5º.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO AO COMERCIO LOCAL E DE PROXIMIDADE.-

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, expón o contido da moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do BNG (1) e a abstención do Grupo Popular (6), do Grupo Socialista (3) e de Democracia Ourensana (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación provincial aprobará unha liña de subvencións para o comercio local e de proximidade así como para o impulso e/ou recuperación das feiras e mercados tradicionais, co obxectivo de incentivar a compra de produtos locais e galegos, con promoción da etiquetaxe en lingua galega e a promoción alternativa e ecolóxica.

2º.- Consonte co artigo 30.I.4 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle ao noso país, a comparecencia exclusiva en materia de comercio interior. Por tal motivo, a Deputación Provincial de Ourense insta ao Parlamento Galego a que inicie a tramitación dunha nova lei de horarios comerciais, que permita superar a actual Lei 1/2013, do 13 de febreiro, de horarios comerciais de Galicia, por ser lesiva para os intereses do pequeno e mediano comercio, do comercio local e de proximidade, ao non permitir, de facto, poder conciliar a vida laboral e familiar, ao ter que competir coas grandes superficies.

6º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.37 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.